

Inicio > Nigrán > Nigrán se enaltece con un San Xoán muy cultural

Nigrán

Nigrán se enaltece con un San Xoán muy cultural

Por Redacción · 22/06/2024



IES INDALECIO PÉREZ TIZÓN- TUI

Cultura e tradición foron as claves do éxito do obradoiro interxeracional realizado no solsticio de verán pola escritora Soledad García e o Concello de Nigrán.

A actividade, organizada pola concellería de Terceira Idade a cargo de María Mayán, conseguiu visibilizar e revitalizar as tradicións locais nun evento que combinou aprendizaxe, diversión e creación de novas amizades.

O obradoiro comezou cunha cálida benvida da escritora e do alcalde Juan González, na que se destacou a importancia das tradicións na creación de comunidades fortes e arraigadas.

A actividade contou coa participación de Chelo de la Iglesia e Marisol, encargadas de recolectar as herbas medicinais, e de Susana, Geles, Gloria e María, quenes colaboraron activamente no evento no reparto e organización. Os asistentes deron un forte aplauso ás colaboradoras, recoñecendo o seu traballo e dedicación altruista.

No obradoiro a escritora leu fragmentos do libro "Un paseo por Nigrán", transportando a todas e todos a través dos tesouros naturais e paisaxísticos de Nigrán, mentres creaban os seus propios ramos de San Xoán nun ambiente de cooperación e alegría.

"Este obradoiro non só nos permite conservar unha tradición tan nosa como a de San Xoán, senón que tamén nos une como comunidade e nos fai recordar a importancia de preservar as nosas raíces na defensa da cultura das futuras xeracións", declarou Soledad García.

Ao finalizar a xornada, 52 ramos de San Xoán saíron polas portas do Centro de Maiores de Vilameán, cada un deles cargado da maxia e o simbolismo da festividade.

A exitosa celebración foi un reflexo do compromiso do Concello de Nigrán coa difusión do patrimonio cultural e natural e unha mostra do poder das tradicións para unir ás persoas a través das xeracións.